

Formación Profesional
2008 2009

**Directo
á Formación
Profesional**



Teño axudas económicas?

Se estudas un ciclo de formación profesional podes solicitar as axudas económicas para:

- O módulo de formación en centros de traballo (FCT).
- Estadías en empresas estranxeiras no marco de Erasmus ou Leonardo.
- Cursar ciclos formativos non vocacionais (ciclos medios máis demandados polo mercado laboral, pero con baixa matrícula de alumnado).
- Aloxamento e comedor nos centros residenciais docentes.
- Acceso á vivenda en réxime de aluguer.
- Cursar estudos de FP acolléndote á convocatoria xeral anual de bolsas do Ministerio de Educación e Ciencia (MEC).
- Realizar intercambios con centros educativos doutros países.
- Participar en estadías en empresas de ámbito transnacional.
- Realizar cursos de idiomas en lingua inglesa, francesa ou alemán se es alumno ou alumna dun ciclo formativo de grao superior.

Ademais, se tes un bo expediente académico, os premios extraordinarios de FP incentívanse economicamente.

Onde podo conseguir máis información?

Na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. O enderezo é:

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981544400 – Fax 981546550

No Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional, no teléfono 981546536 ou no fax 981546551.

Nos departamentos de orientación dos centros educativos e na páxina

Formación Profesional
2008 2009

**Directo
á Formación
Profesional**

www.edu.xunta.es/fp



XUNTA DE GALICIA





Que é a Formación Profesional?

A formación profesional é un conxunto de accións formativas, durante un período máximo de dous anos, que te capacitan para o exercicio dunha profesión e te preparan para o acceso ao emprego.

Como está organizada?

A formación profesional ordénase segundo un grupo de ocupacións –familias profesionais– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva (comunicación, imaxe e son; electricidade e electrónica; actividades marítimo-pesqueiras, sanidade, etc.).

Pola súa vez, as familias profesionais están constituídas por ciclos formativos co obxectivo de formar profesionais de cada sector profesional con máis capacitación e máis cualificación. Cada ciclo formativo comprende un conxunto de módulos profesionais de formación teórica e práctica. Actualmente existen 142 ciclos formativos organizados en 22 familias profesionais.

Os ciclos formativos poden ser de grao medio ou de grao superior, e a súa duración é variable, cun máximo de dous cursos académicos. Tanto os de grao medio como os de grao superior inclúen un módulo de formación en centros de traballo (FCT), de duración comprendida entre tres e seis meses, para o que se dispón de axudas económicas.

Como podo acceder?

Podes realizar o acceso ben directamente ou ben mediante unha proba, se non reúnes os requisitos do acceso directo. Ambos os accesos son incompatibles.

Grao medio

- Acceso directo: cómpre teres o título de graduado/a en educación secundaria ou equivalente.
- Acceso mediante proba: podes concorrer, con carácter xeral, se cumpriches 17 anos ou se os cumpres no ano en que se realicen as probas.

Grao superior

- Acceso directo: cómpre dispores do título de bacharelato ou equivalente.
- Acceso mediante proba: podes acceder se tes 19 anos ou se os cumpres no ano de realización da proba, ou 18 anos se tes o título de técnico nun ciclo formativo pertencente á mesma familia profesional que o ciclo que desexas cursar.

Que modalidades podo estudar?

Podes cursar ciclos formativos de forma presencial:

- Polo réxime ordinario, por curso completo.
- Polo réxime de persoas adultas, de xeito parcial por módulos.

Onde podo estudar?

Nos institutos de educación secundaria (IES) e nos centros integrados de formación profesional (CIFP).

Se o ciclo que vas cursar require desprazamento a outra localidade, podes solicitar praza nalgún dos Centros Residenciais Docentes (CREDO) que existen na Coruña, en Ourense e en Vigo.

Onde e cando podo facer a inscrición?

Podes reservar praza e matricularte nos centros educativos que ofrezan estudos de formación profesional. A relación de centros pódela consultar na páxina web www.edu.xunta.es/fp.

O período ordinario de inscrición vai do 17 de xuño ao 2 de xullo.

Ao rematar, que titulación teño?

Cando conclúas un ciclo formativo podes obter estes títulos:

- Técnico/a da correspondente profesión, en caso de superares todos os módulos que integran o ciclo formativo de grao medio. No mundo laboral, acredítache unha cualificación de nivel 2 dentro da Unión Europea.
- Técnico/a superior da correspondente profesión, se os módulos que superaches integran un ciclo formativo de grao superior. A cualificación que che acredita no mundo laboral é a de nivel 3 dentro da Unión Europea.

E despois, que saídas teño?

Saídas profesionais

Podes acceder directamente ao mercado laboral ou converterte en emprendedor/a ao constituír a túa propia empresa.

O último estudo de inserción laboral indica que preto do 77 % das persoas tituladas de FP atopou emprego nos seis meses seguintes á finalización do ciclo formativo, e o 70 % delas indica que o seu emprego está relacionado cos estudos cursados.

Saídas académicas

Co título de técnico/a podes acceder ao primeiro curso de bacharelato. Tamén tes a posibilidade de cursar un ciclo de grao superior se cumpres os requisitos de acceso directo ou superas a proba de acceso para estes ciclos.

Co título de técnico/a superior podes acceder directamente, sen proba de acceso, a determinadas ensinanzas universitarias relacionadas cos estudos de formación profesional cursados. Para iso, as universidades reservan:

- O 15 % das prazas en titulacións de primeiro ciclo (enxeñarías técnicas, diplomaturas, maxisterio, etc.).
- O 7 % das prazas en titulacións de primeiro e segundo ciclo (enxeñarías, licenciaturas, etc.).

Podes chegar a validar ata un máximo de 88,5 créditos (885 horas) segundo a titulación, o que significa que terías realizado máis dun terzo da titulación universitaria.

Podo realizar intercambios no estranxeiro?

O módulo de formación en centros de traballo (FCT) pode incluír estadias en empresas estranxeiras, dentro dos programas europeos Erasmus, para ciclos formativos de grao superior, e Leonardo, para os de grao medio.

O período de prácticas nestas empresas está comprendido entre dúas e seis semanas.